QUINTO.- Esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 25/10/2019 **“Decreto: Clasificación das ofertas e requirimento de documentación para a adxudicación do contrato para a subministración e instalación da iluminación festiva do Concello de Riveira para os anos 2020 e 2021”.**

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 30/10/2019 **“Decreto: Aprobación del proyecto técnico de las obras de modificación y adaptación a la nueva Ley de Contratos del Estado del proyecto de recuperación de la servidumbre de tránsito entre Punta do laño y Porto Fenicio (Aguíño)”.**

IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

1.- **AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – DANIEL DAVILA MARTÍNEZ.**

Visto o escrito presentado por **Daniel Davila Martínez**, de data 29/10/2019 (Rexistro de entrada nº 15.230), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda de roquillas (2 m.), o día 01/11/2019, situado ao carón da entrada





do Cemiterio Municipal de Palmeira, co motivo da celebración do “Día de Todos os Santos”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Daniel Davila Martínez** para a instalación dun posto de venda de roquillas (2 m.), o día 01/11/2019, situado ao carón da entrada do Cemiterio Municipal de Palmeira, co motivo da celebración do “Día de Todos os Santos”.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – MICAELA DOS SANTOS DEL LA CONCEPCIÓN.

Visto o escrito presentado por **Micaela dos Santos de la Concepción**, de data 29/10/2019 (Rexistro de entrada nº 15.237), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda de castañas (2 m.), o día 31/10/2019, situado ao carón da entrada do Cemiterio Municipal de Riveira, co motivo da celebración do “Día de Todos os Santos”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Micaela dos Santos de la Concepción** para a instalación dun posto de venda de castañas (2 m.), o día 31/10/2019, situado ao carón da entrada do Cemiterio Municipal de Riveira, co motivo da celebración do “Día de Todos os Santos”.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – FRANCISCO CAZADOR SERAFÍN.

Visto o escrito presentado por **Francisco Cazador Serafín**, de data 29/10/2019 (Rexistro de entrada nº 15.209), no que solicita autorización para a





instalación de dous postos de venda de castañas (50 x 50 cm.), os día 31/10/2019 e 01/11/2019, situados ao carón das entradas do Cemiterio Municipal de Palmeira e do Cemiterio de Frións, co motivo da celebración do “Día de Todos os Santos”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Autorizar Francisco Cazador Serafín** para a instalación de dous postos de venda de castañas (50 x 50 cm.), os día 31/10/2019 e 01/11/2019, situados ao carón das entradas do Cemiterio Municipal de Palmeira e do Cemiterio de Frións, co motivo da celebración do “Día de Todos os Santos”.
- b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- c) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por Eduardo Barros pereira en representación de **Puntos Bajo Coste, S.L.**, de data 11/10/2019 (Rexistro de entrada nº 14.326), no que solicita información urbanística de parcela situada nas inmediacións do Polígono Industrial de Xarás.

A Xunta de Goberno Local, vistos os informes técnicos emitidos ao respecto polo Arquitecto Municipal, José Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 25/10/2019, e pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 29/10/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A00310480000KY, superficie parcela: 2.632 m2

a) Informe Arquitecto Municipal:

OBXECTO DO INFORME:





Vista a localización da finca, e de acordo cos datos facilitados polo solicitante; examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

1.- A parcela ten a seguinte referencia catastral:
15074A00310480000KY

E de acordo cos datos aportados polo solicitante (información catastral) a parcela ten unha extensión superficial de 2.632 m² e sobre a que se asenta unha serie de construcións e instalacións para un total de 1.168 m², cun uso de estación de abastecemento de combustible, e cunha antigüidade de 5 anos (ano de construción: 2014).

2.- Solicitase por parte do interesado se emita información urbanística referente ao réxime (usos) e condicións urbanísticas da citada parcela e a instalación existente (estación de servizo de abastecemento de combustible).

INFORME:

1.- O predio está e dentro da delimitación do solo clasificado polo PXOM como **solo rústico de protección forestal**.

2.- No presente caso serallle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016 (LSG), do solo de Galicia, para o solo rústico coa correspondente categoría (protección forestal), así como o disposto no Regulamento da presente lei, e en aplicación do disposto ao respecto pola disposición transitoria primeira da LSG.

3.- En relación ao réxime de usos permitidos pola vixente LSG, o artigo 35 establece o seguinte:

Artigo 35. Usos e actividades en solo rústico

1. Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

a) Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abancalamientos, desmontes e recheos.

b) Muros de contención, así como valado de predios.

c) Actividades de lecer, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.

d) Campamentos de turismo e instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.

e) Actividades científicas, escolares e divulgativas.

f) Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.

g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.



FIRMANTE - FECHA





h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.

i) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así como as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.

j) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.

k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias.

l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así como as estacións de servizo.

m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.

n) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.

ñ) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa coa natureza, extensión e destino do predio ou explotación do recurso natural.

o) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se localicen.

p) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados.

q) Outros usos análogos que se determinen regulamentariamente e coordinados entre a lexislación sectorial e esta lei.

2. Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.

4.- En relación coa a instalación existente sobre a parcela (estación de servizo), e tal e como se especifica na presente solicitude de información urbanística, cabe significar que o no apartado 1.l) do citado artigo 35 da LSG, contempla como uso permitido as estacións de servizo, a saber:

l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así como as estacións de servizo.

5.- Por outra banda, cabe significar que no presente caso, e tendo en conta que estamos ante un solo rústico de protección forestal, deberase de obter a preceptiva autorización sectorial, como ben dispón ao respecto o artigo 36 da LSG, a saber:

Artigo 36. Réxime de usos

1. Os usos e actividades relacionados no artigo anterior son admisibles en calquera categoría de solo rústico, sen prexuízo do disposto nos instrumentos de ordenación do





territorio e, se é o caso, logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.

2. En todo caso, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou da autorización autonómica nos casos en que esta sexa preceptiva segundo o disposto no número seguinte.

6.- En relación coas condicións urbanísticas, e concretamente coas condicións de edificación, establece o artigo 39 da LSG o seguinte:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

– As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

– O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

– Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

– A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.

Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.





d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

– Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).

– A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscripción doutras parcelas.

– A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.

Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

– Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

– Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

– As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancos resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

– Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

e) Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.

f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.

g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.





A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular.

Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.

b) Informe Enxeñeira Municipal

Solicítase información complementaria sobre condicións urbanísticas dunha finca en referencia aos seus lindes.

Examinado o Inventario de Bens Municipais, aprobado definitivamente en Pleno Municipal de data 26/02/2018, a finca linda parcialmente co camiño nº 184 de titularidade municipal.

Consultado o Catastro Histórico do ano 1956, xa aparece reflectido como camiño público. No catastro actual tamén aparece reflectido como camiño público.

2.- Visto o escrito presentado por **Juan Manuel Ayaso Costoya**, de data 16/10/2019 (Rexistro de entrada nº 14.530), no que solicita certificación urbanística de parcela situada en Mámoa (Carreira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 25/10/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A009000950000KA
Categoría solo: Núcleo Rural C

Se solicita por parte de información urbanística de la parcela con referencia catastral 15074 A 009000950000KA sita en MAMOA

El objeto del informe es establecer las condiciones urbanísticas aplicables a la citada parcela según la normativa de aplicación. La parcela está clasificada por el PXOM de Riveira como suelo de NUCLEO RURAL C y le son de aplicación las condiciones urbanísticas que se desarrollan en el correspondiente apartado de este informe.

INFORME

CONDICIONES GENERALES:

El Plan General de Ordenación Municipal aprobado definitivamente en sesión plenaria de fecha 17/12/2002 no está adaptado a la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia por lo que de acuerdo con la Disposición transitoria primera de la LEI 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia *“Régimen de aplicación a los municipios con planeamiento no adaptado y a los municipios sin planeamiento”* al suelo incluido en los núcleos rurales se aplicará íntegramente lo



FIRMANTE - FECHA





dispuesto en el Planeamiento, excepto en lo referente a edificaciones tradicionales existentes, en los que se aplicará lo dispuesto en el Art. 40 de dicha ley.

CONDICIONES URBANÍSTICAS:

*Según la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia son **actuaciones incompatibles** en esta categoría de suelo las siguientes, reguladas en el Art. 26 de dicha ley:*

- a) Edificaciones y usos característicos de las zonas urbanas y aquellas cuya tipología resulte impropia en relación con las determinaciones del planeamiento.
- b) Las parcelaciones que determinen la desfiguración de la tipología del núcleo.
- c) Las naves industriales.
- d) Aquellos movimientos de tierras que supongan una agresión al medio natural o que varíen la morfología del paisaje del lugar.
- e) La apertura de pistas, calles o caminos que no estén previstos en el planeamiento, así como a ampliación de los existentes y el derribo de muros tradicionales de los rúes o corredoiras, excepto disposición del planeamiento que lo autorice.
- f) Las nuevas instalaciones destinadas a la producción ganadera, excepto las pequeñas construcciones artesanales o para el autoconsumo.
- g) La demolición de las construcciones existentes, excepto en los siguientes supuestos:
 - Construcciones que no presenten un especial valor arquitectónico, histórico o etnográfico.
 - Todos los añadidos y edificaciones auxiliares que desvirtúen la tipología, la forma y el volumen de cualquier edificación primitiva o que por sus materiales supongan un efecto distorsionador para la armonía y estética del conjunto edificatorio o no sean propios del asentamiento rural tradicional.

Sin perjuicio de lo dispuesto en el punto anterior, en los núcleos tradicionales estarán prohibidos:

- a) Las viviendas adosadas, proyectadas en serie, de características similares e colocadas en continuidad en más de tres unidades.
- b) Los nuevos tendidos aéreos.
- c) La ejecución de actuaciones integrales que determinen a desfiguración da tipología del núcleo y la destrucción de los valores que justificaron su clasificación como tal.

En caso de existencia de edificaciones tradicionales, consideradas como tales las existentes con anterioridad a la entrada en vigor de la Ley 19/1975 de 2 de Mayo de reforma de la Ley sobre Régimen del suelo y ordenación urbana, será de aplicación el Art. 40 de la Ley del suelo, que establece el siguiente régimen:

Las edificaciones tradicionales existentes en cualquier categoría de suelo de núcleo rural o de suelo rústico podrán ser destinadas a usos residenciales, terciarios o productivos, a actividades turísticas o artesanales y a pequeños talleres y equipamientos.

Después de la obtención del título habilitante municipal de naturaleza urbanística, y sin necesidad de cumplir los parámetros urbanísticos aplicables excepto el límite de altura, se permitirá su rehabilitación y reconstrucción y, por razones justificadas, su ampliación incluso en volumen independiente, sin superar el 50 % del volumen originario de la edificación tradicional.

En cualquier caso, deberán mantener las características esenciales del edificio, del lugar y de su tipología originaria.

Cuando se parcelar, construir nuevas edificaciones o rehabilitar integralmente las existentes, se tendrá en cuenta lo establecido en el Art 36 del Decreto 143/2016, de 22 de





septiembre, que aprueba el Reglamento de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia, que establece:

Las personas propietarias habrán de ceder gratuitamente al ayuntamiento los terrenos necesarios para la apertura o regularización del viario preciso.

En el caso de la construcción de nuevas edificaciones o cambio de uso de las existentes o de rehabilitaciones integrales, habrán además de ejecutar a su costa la conexión con los servicios existentes en el núcleo (artículo 24.3 de la LSG).

Los servicios existentes en el núcleo deberán estar dimensionados de acuerdo con lo que establezca la legislación sectorial, sin que quepa imputar a las personas propietarias del suelo obligaciones de desarrollo o redimensionamiento de los servicios que, de acuerdo con la respectiva legislación sectorial, correspondan a las entidades titulares de las infraestructuras o gestoras de los servicios.

Podrá autorizarse la ejecución simultánea de las obras de acometida, urbanización y edificación. El municipio deberá exigir garantías suficientes del cumplimiento de esta obligación.

Las obras necesarias para cumplir con lo dispuesto en este punto, en las áreas en las que no se prevean actuaciones de carácter integral, se recogerán en un proyecto de obras ordinarias, que podrá tener un carácter independiente o ser un anexo del proyecto de edificación.

Para edificar en el ámbito de los núcleos rurales deberá disponerse de acceso rodado de uso público y ejecutarse la conexión con las redes de servicio existentes en el núcleo rural o en sus cercanías. De no existir, habrán de resolverse por medios individuales con cargo al promotor o promotora de la edificación y con el compromiso de conexión cuando se implanten los servicios.

A los efectos previstos en este número para la conexión con las redes de servicio existentes en el núcleo o en sus proximidades, el suelo de núcleo rural tendrá la misma condición urbanística que el suelo urbano, sin perjuicio de lo previsto para el supuesto de actuaciones integrales.

Cuando en el suelo de núcleo rural tradicional, el planeamiento establezca la consolidación de alineaciones existentes para garantizar el mantenimiento y protección de la trama tradicional o de los muros que delimitan el viario, y esto suponga la imposibilidad de disponer de acceso rodado a alguna parcela, ésta podrá ser edificada siempre que cuente con acceso por vía de uso público pavimentada.

Asimismo es obligatorio el cumplimiento de lo establecido en el Artículo 135 del Plan General de Ordenación Urbana de Riveira, que regula las CONDICIONES DE EDIFICACIÓN de la ordenanza de aplicación que a continuación se reproducen:

El objeto fundamental de la ordenanza es la conservación de la parcela, el tipo de edificación y los elementos de la jardinería existentes.

Obras admisibles

Serán obras preferentes las de:

Conservación

Consolidación

Rehabilitación

Restauración

Ampliación

Obra nueva.





Usos globales característicos, compatibles y prohibidos

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar

Usos admisibles: además del uso característico sólo se admitirán los terciarios que tengan relación de dependencia directa con el uso principal tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y agrícolas, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva conservándose la parcela y el tipo de edificación.

Tipologías edificatorias

La tipología edificatoria será la de vivienda unifamiliar aislada. Se mantendrá el tipo de edificación existente en el entorno, no permitiéndose tipologías edificatorias ajenas a la estructura del núcleo.

Parámetros de la edificación

Condiciones de la parcela

Parcela mínima: 800 m². no permitiéndose la ocupación de parcelas que no superen esta superficie, pero se permitirá computar aquellas partes de la parcela que estuviesen dentro de otro tipo de suelo rústico. No obstante la posición de la edificación quedará enteramente dentro del área de esta norma zonal.

Frente mínimo: Será de 10 m.

Condiciones de ocupación

Posición: La posición de la edificación quedará retranqueada:

Respecto a los linderos 3 metros, se permitirá adosar a linderos en los casos en los que exista edificación anterior a la publicación de esta normativa, o bien, previo acuerdo con los colindantes exigiendo documento que lo acredite.

La alineación serán las líneas de cierre según la vía resultante de ordenación del sistema viario del término municipal.

Ocupación máxima en la parcela: La ocupación máxima será del 25 % de la parcela total y con el límite de 200 m². construidos por planta.

Condiciones de edificabilidad.

Edificabilidad máxima: 0,35 m²/m²

Altura de la edificación

Número plantas: bajo + una, permitiéndose la utilización del bajo cubierta, computando edificabilidad todos aquellos especiales de altura superior a 1,50 m. Se permite además la construcción de planta sótano.

Altura máxima de cornisa: 6,5 metros de altura.

Altura de coronación: 4 sobre el último forjado.

Elementos arquitectónicos

Cerramientos de parcela: Solo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 m. pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1 metro.

En el caso de cierres realizados con piedra natural, la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Cuerpos volados: Se autorizan vuelos sobre las fachadas con una dimensión máxima de 0,9 m. debiendo ser acristaladas en un 80 % de su superficie.

Balcones: En los cuerpos volados no se autorizará a sobresalir sobre el vuelos permitido con balcones y terrazas. En el resto de los caso su dimensión máxima será de 0,6 m.





Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, computando edificabilidad y ocupación a partir de 30 m2. Siempre en una solo planta, con una altura máxima de 3 metros.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,3 metros.

Condiciones ambientales y estéticas.

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de más de dos materiales en fachada, adoptando soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

Conservación de las masas arbóreas: Las edificaciones de la parcela tipo c, deberán conservar las masas arbóreas, permitiéndose talar únicamente el espacio necesario para las edificaciones de nueva planta.

Aparcamientos.

Se exigirá la creación de un aparcamiento, dentro del terreno de la propia parcela, por cada vivienda, con acceso desde la vía rodada, pudiendo estar cubierto o no.

3.- Visto o escrito presentado por **María Mercedes Seco Mato**, de data 17/10/2019 (Rexistro de entrada nº 14.618), no que solicita información urbanística de parcela situada en Rúa da Fonte, 3 (Corrubedo).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 28/10/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Ref. catastral: 423870MH9143N0001SZ

Se redacta el presente informe a la vista del Plan General de Ordenación municipal, aprobado definitivamente según acuerdo plenario de la Corporación de 17/12/02. La calificación del suelo en el que se sitúan ambas parcelas es de **Plan Especial Corrubedo** En esta ordenanza, se aplica la **ordenanza transitoria 4** cuyo objeto es conservar la tipología edificatoria y su trama parcelaria. Las alineaciones serán fijadas por el Ayuntamiento, previa petición de licencia.





La parcela tiene frente a calles que tienen los siguientes **servicios urbanísticos**: acceso rodado pavimentado y alumbrado público, además de alcantarillado, suministro de agua y electricidad en condiciones de capacidad no determinadas en este informe por carecer de datos.

En esta ordenanza, las condiciones de edificación que se establecen para parcelas edificables son las correspondientes al suelo **URBANO con Ordenanza 4 Residencial Media, Vivienda Colectiva Agrupada**

OBRAS ADMISIBLES: Demolición, Reforma, Ampliación, Nueva Planta. USO CARACTERÍSTICO PORMENORIZADO: Vivienda colectiva y unifamiliar. USO ADMISIBLE: Terciario de Comercio, Oficinas y Hostelería, Industriales en su nivel de talleres que no superen los umbrales de compatibilidad domésticos y Dotaciones de Interés Social, únicamente en plantas baja y primera con acceso independiente. PARCELA MÍNIMA: 50 m². No se permite agrupación de parcelas que superen 200 m². FRENTE MÍNIMO: 6 m. Caso de solar entre medianeras, se permitirá la construcción siempre que el frente sea mayor de 4 m.

NÚMERO MÁXIMO DE PLANTAS: La calle mide más de 8 metros por lo que se pueden autorizar Bajo+2 Planta+Atico FONDO MÁXIMO EDIFICABLE: 14 m. Se conservará la tipología edificatoria y su trama parcelaria. ALINEACIONES: Definidas en el PXOM. El Ayuntamiento podrá establecer su reajuste o retranqueo a través de las figuras previstas para tal fin. APARCAMIENTOS: Se exige la creación de un aparcamiento por vivienda, cubierto o no, dentro del terreno de la propia parcela con acceso desde la vía rodada. COTA DEL PISO DE VIVIENDA sobre la rasante de la acera o terreno en su contacto (s/art. 93 de Plan General, mínimo de 50 cm): PORTALES (s/apartado portales del art. 94: El portal tendrá como mínimo un ancho de 2,50 m desde el hueco de entrada hasta la escalera principal o ascensor si lo hubiere. El hueco de entrada al local no tendrá menos de 1,30 m de luz). TIPOLOGÍAS EDIFICATORIAS: Es la de vivienda colectiva agrupada. Se pretende edificación integrada en el núcleo tradicional existente. Se conservarán sus elementos singulares y los edificios y elementos catalogados. CERRAMIENTOS EXTERIORES Y MATERIALES: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso histórico. Se adoptaran soluciones tipológicas propias del entorno. La carpintería exterior podrá ser de madera, hierro, aluminio o plástico pintados, lacado o coloreados, prohibiéndose el aluminio en su color natural. CUBIERTAS, MATERIALES: Las cubiertas se resolverán prioritariamente a dos aguas utilizando como material de cobertura teja cerámica curva. COMPOSICIÓN DE FACHADAS-HUECOS: Mantendrán el ritmo y la forma de las actuales.

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

CONVENIOS DE COLABORACIÓN.

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E A ASOCIACIÓN AMBAR.

VISTA a proposta presentada pola Concelleira de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 21/10/2019, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Ambar.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de persoas con diversidade funcional. Neste caso concreto, Programa Vivindo na Comunidade.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 28/10/2019.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobación do borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Ambar; cunha consignación por importe de 3.000,00 € na aplicación orzamentaria 231A.48009 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

2.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E A ASOCIACIÓN A CREBA.

VISTA a proposta presentada pola Concelleira de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 21/10/2019, para a





aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación A Creba.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de persoas con diversidade disfuncional. Neste caso concreto, o Programa de Transporte de Usuarios.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 28/10/2019.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobado o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación A Creba; cunha consignación por importe de 3.000,00 € na aplicación orzamentaria 231A.48011 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

ACHEGAS CONCEDIDAS POLO CONCELLO (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN).

ACHEGA CONCEDIDA AO CLUB DEPORTIVO INTERNATIONAL TREKKERS BARBANZA SAR (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Deportes, Juana Brión Santamaría, e polo Xerente de Actividades Deportivas, Miguel Ruiz Rivas, de data 22/10/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e o Club Deportivo International Trekkers Barbanza Sar, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 16/08/2019, co obxecto da organización da proba deportiva "Os 100 dos International Trekkers".

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 28/10/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e o Club Deportivo International Trekkers Barbanza Sar, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 16/08/2019, co obxecto da organización da proba





deportiva “Os 100 dos International Trekkers”; resultando o seu importe: 8.000,00 €, incluído na aplicación orzamentaria 341-480.27.

SOLICITUDES DE APROBACIÓN DE AXUDAS “BONO BUS” – CURSO 2019-2020

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Educación, Juana Brión Santamaría, de data 30/10/2019, relativa á concesión das axudas ao transporte para estudantes (bono bus) durante o curso 2019-2020

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda **aprobar** a concesión da axuda en transporte que corresponda aos estudantes que se recollen nas seguintes listaxes:

Destino Santiago de Compostela

Pérez Sieira, Alberto	53488637K
Pérez Sieira, David	53488636C
Couto Argibay, Daniel	53796694Q
Oujo Lampón, M ^a Purificación	53797744P
Piferrer Puga, Andrea	53798243R

APROBACIÓN DAS BASES DO “CONCURSO DE DEBUXO E PINTURA PARA ESCOLARES: “O NADAL”

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Educación, Juana Brión Santamaría, de data 29/10/2019, no que solicita a aprobación das bases do concurso de pintura escolar de Nadal, cuxo traballo premiado será o motivo central dos carteis desta celebración no Concello de Riveira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar** as bases do “Concurso de debuxo e pintura para escolares: “O Nadal”, según o sinalado na citada proposta.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE COMPRAVENDA DE PARCELA DENOMINADA “ALMACÉN DEL TOURO O DE LA SECADA”, SITUADA NO LUGAR DE TOURO, E PROPIEDAD DE D^a MANUELA PÉREZ RIVAS.

En relación ao asunto de referencia, e con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

XGL-31/10/2019 – Páxina 31 de 45



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300066C9300N1P2L6O5E5Y3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 05/11/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/11/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/11/2019 13:42:17

DOCUMENTO: 20190421011
Fecha: 05/11/2019
Hora: 13:41





1º Na data 04 de setembro de 2019, o Alcalde dita Providencia na que fai constar o seguinte: *“No lugar do Touro, parroquia e municipio de Riveira, sitúase unha parcela denominada “ALMACÉN DEL TOURO O DE LA SECADA”, que conta cunha superficie total de 821 metros cadrados, e pertence a Dª Manuela Pérez Rivas. Na referida parcela, que se sitúa ao bordo do deslinde marítimo terrestre e que está no punto de arranque do paseo marítimo de Touro, atópanse unhas construcións, en estado ruinoso, que no seu momento estaban destinadas e vinculadas ás faenas relacionadas co mar. Polo exposto, considerase necesario a adquisición desta parcela por parte do Concello, porque, por un lado, permitiría completar o desenvolvemento do paseo marítimo do Touro, e por outro lado, o que se pretende é restaurar e conservar as construcións que existen sobre a mesma, ao estar relacionadas coa industria da conservación do peixe realizada entre o século XIX ata mediados do século XX, co fin de poñer en valor a historia da salgadura deste municipio de Riveira que tanta importancia tivo no seu pasado.”*

A este respecto, ordenase o traslado da citada Providencia á Secretaría e Intervención Municipal, a fin de que, previos os trámites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación do expediente de compravenda da parcela antes referida, incorporando ao expediente os informes emitidos polo arquitecto municipal nas datas 15/04/2019 e 23/04/2019.

2º Consta no expediente informe emitido na data 15 de abril de 2019 polo arquitecto municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, no que valora o inmovible que se pretende adquirir na contía de 67.929,55 euros.

3º Así mesmo, consta no expediente informe de xustificación da compravenda da referida parcela emitido polo arquitecto municipal na data 23/04/2019 e informe de idoneidade da parcela, emitido tamén polo arquitecto municipal na data 25/10/2019.

4º Desde o departamento de secretaría e servizos xerais, recadouise a documentación referida ao citado inmovible, no que se refire ao título de propiedade do mesmo.

5º Tamén consta no expediente nota simple negativa emitida na data 09/09/2019 polo Rexistro da Propiedade de Noia, e na que se dispón que a parcela de referencia non aparece inscrita.

6º Na data 30/10/2019, o interventor municipal emite informe no que fai constar a existencia de crédito adecuado e suficiente no vixente orzamento municipal para a realización da compra pretendida, en concreto na aplicación orzamentaria 933.62205.

Así mesmo, fai constar que o 10% dos recursos ordinarios do orzamento vixente ascenden a 1.904.010,83 €.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

FUNDAMENTOS DE DEREITO





PRIMEIRO.- O artigo 9.1º do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño (no sucesivo RB), recoñece ás entidades locais plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos.

Entre os modos polos que se poden adquirir bens e dereitos que enumera o artigo 10 RB, atopamos a adquisición a título oneroso que pode ter lugar por medio de contrato (compravenda, permuta...) ou a través de expropiación forzosa.

A adquisición por medio de contrato ven regulada no artigo 11 RB, que se remite á normativa de contratación das Corporacións Locais, e esixe de xeito específico, cando se trate da adquisición a título oneroso de bens inmoables, as seguintes actuacións formais:

a) Informe pericial previo, en todo caso de adquisición de inmovible, no que non só debe valorarse o ben, senón tamén xustificar a razón da conveniencia da súa adquisición.

b) Informe do órgano autonómico competente, en caso de inmoables de valor histórico ou artístico, cuxo valor de adquisición exceda do 1 por cen dos recursos ordinarios do Orzamento da Corporación ou do límite xeral establecido para a contratación directa en materia de suministros.

É necesario tramitar o correspondente expediente de adquisición.

De conformidade coa Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, nas entidades locais corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais a competencia para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de 3 millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Corresponde ao Pleno a competencia para celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisicións de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde ou ao Presidente, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

O exercicio desta competencia é delegable por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRBRL).

SEGUNDO.- No caso que nos ocupa, trátase da adquisición a título oneroso por medio dun contrato de compravenda, do inmovible que se describe a continuación:

Descrición: Parcela denominada “ALMACÉN DEL TOURO O DE LA SECADA”, situada no lugar do Touro, parroquia e municipio de Riveira, formado por dous corpos unidos, un da superficie de seiscentos corenta e cinco metros cadrados e outro de cento corenta e sete, segundo título; por recente medición resulta ter a superficie total de oitocentos vinte e un metros cadrados con sesenta decímetros tamén cadrados. Ten varias portas principais ou de entrada, e son os seus cardinais: Norte e Este, praia-mar; Sur, camiño público á praia; e Oeste, terreo público.

Titulares do inmovible: Dona Manuela Pérez Rivas, 100% do pleno dominio.





***Título:** Escritura de protocolización de partición de herdanza, de data 26/04/2013, outorgada ante o Notario de Santiago de Compostela, D. Carlos de la Torre Deza, co número 694 do seu protocolo.*

***Inscrición:** Non hai datos de que estea inscrita no Rexistro da Propiedade, segundo se dispón en nota simple negativa emitida na data 09/09/2019 polo Rexistro da Propiedade de Noia.*

***Referencia catastral:** Non ten asignada referencia catastral.*

***Clasificación do solo:** Está delimitada dentro do polígono 30 do PXOM de Riveira de solo urbano non consolidado.*

***Cargas:** Non consta a existencia de cargas.*

Polo tanto, resulta determinado o obxecto do contrato así como a capacidade de obrar dos contratistas.

TERCEIRO.- En relación ás actuacións formais necesarias para proceder á adquisición por medio de contrato, consta no expediente informe pericial emitido na data 15 de abril de 2019 polo arquitecto municipal, no que se valora o inmovible do que se pretende a súa adquisición nun total de 67.929,55 €.

En informe emitido na data 30/10/2019, resulta acreditado polo Sr. Interventor a existencia de crédito suficiente e adecuado para a adquisición que se pretende.

Non se trata dun ben de valor histórico ou artístico, polo que non se precisa o informe do órgano estatal ou autonómico competente.

CUARTO.- En canto ao procedemento a seguir para a súa adquisición, o artigo 11 RB, ademais de esixir informe pericial previo cando se trata da adquisición de inmovibles, esixe o cumprimento dos requisitos contemplados na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais.

A estes efectos, a adquisición dun ben inmovible é un contrato que ten carácter privado da Administración e réxese pola lexislación patrimonial, como así resulta dos artigos 4 e 9 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. A referida lei prevé que teñen a consideración de negocios e relacións xurídicas excluídos do ámbito da mesma "Los contratos de compraventa, donación, permuta, arrendamiento y demás negocios jurídicos sobre bienes inmuebles, valores negociables y propiedades incorpóreas, a no ser que recaigan sobre programas de ordenador y deban ser calificados como contratos de suministro o servicios, que tendrán siempre el carácter de contratos privados y se registrarán por la legislación patrimonial." E a lexislación patrimonial aplicable ás Entidades Locais na Comunidade Autónoma de Galicia está constituída polos preceptos básicos da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, e do Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, os preceptos relativos ao Patrimonio da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (que no caso da adquisición de bens a título oneroso tamén se remite á normativa reguladora da contratación), e con carácter supletorio, os preceptos non básicos da Lei 33/2003 e do seu Regulamento e polo Real 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, o RB antes referido.

Así, e con relación ao procedemento, soamente procede a adquisición directa nos supostos seguintes: polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do





mercado inmobiliario, a urxencia da adquisición resultante de acontecementos imprevisibles ou a especial idoneidade do ben (artigo 116.4 da Lei 33/2003).

Igualmente, poderá acordarse a adquisición directa nos seguintes supostos:

- Cando o vendedor sexa outra Administración pública ou, en xeral, calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ao sector público.
- Cando fora declarado deserto o concurso promovido para a adquisición.
- Cando se adquira a un copropietario unha cuota do ben, en caso de condominio.
- Cando a adquisición se realice en virtude dun dereito de adquisición preferente.

No presente caso, no informe emitido na data 25 de outubro do 2019 polo arquitecto municipal se xustifica a conveniencia da súa adquisición e a especial idoneidade do ben que se pretende adquirir: *"No lugar do Touro, parroquia e municipio de Riveira, sitúase una parcela denominada "ALMACÉN DEL TOURO O DE LA SECADA", que pertence a D^a Manuela Pérez Rivas. A referida finca non ten asignada referencia catastral a día de hoxe, pero está delimitada dentro do polígono 30 do PXOM de Riveira de solo urbano non consolidado. O ámbito do polígono ten una superficie de 7.600 metros cadrados, e a parcela en cuestión conta cunha superficie de 821,60 metros cadrados. Sobre a mesma existen unha serie de ruínas, destinadas e vinculadas no seu día ás faenas relacionadas co mar. Ademais está no punto de arranque do paseo marítimo de Touro. Tal e como se dispón na Providencia da Alcaldía de data 04/09/2019 de inicio do expediente de compravenda da parcela, é intención desta Corporación municipal, por un lado, completar o desenvolvemento do paseo marítimo do Touro e, por outro lado, restaurar e conservar as construcións que existen sobre esta finca, ao estar relacionadas coa industria da conservación do peixe realizada entre o século XIX ata mediados do século XX, co fin de poñer en valor a historia da salgadura deste municipio de Riveira que tanta importancia tivo no seu pasado. A finca denominada "ALMACÉN DEL TOURO O DE LA SECADA" presenta as características idóneas para a realización destes futuros proxectos, xa que está no punto de arranque do paseo marítimo de Touro, e sobre a mesma sitúanse construcións vinculadas ás tarefas de salgadura as que antes se fixo referencia. Todas estas características fan que este inmovible sexa especialmente idóneo ao obxecto da súa adquisición polo Concello, o que imposibilita a adquisición doutra parcela e xustifica plenamente a imposibilidade de promover a concorrencia de ofertas";* o que xustifica plenamente o emprego da adquisición directa.

QUINTO.- O valor do ben que se pretende adquirir non supera o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento da Corporación nin o importe de tres millóns, segundo resulta do informe emitido polo Interventor, polo que o órgano competente para acordala adquisición é a Xunta de Goberno Local, ao ter delegada esta competencia, en virtude do Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Por elo, visto o informe con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 30/10/2019, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Adquirir o inmovible descrito no Fundamento Segundo deste informe, propiedade de D^a Manuela Pérez Rivas, polo prezo total de 67.929,55 €, que se fará





efectivo mediante o correspondente cheque nominativo coa sinatura da escritura pública de compravenda.

Segundo.- As partes vendedoras quedan obrigadas á evicción e saneamento nos termos previstos no Código Civil para o contrato de compravenda.

Terceiro.- Incluír o inmovible adquirido no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo, unha vez perfeccionada a súa adquisición.

Cuarto.- Facultar ao Sr. Alcalde para que subscriba todos os documentos que se deriven do expediente, entre eles a sinatura da escritura pública de adquisición do ben inmovible, sendo por conta do Concello todos os gastos e impostos derivados desta compravenda.

Quinto.- Remitir a documentación necesaria ao Rexistro da Propiedade para que efectúen os oportunos asentos rexistrais, segundo a lexislación hipotecaria.

Sexto.- Notificar o presente acordo aos interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, significándolles que deberán comparecer no momento en que sexan emprazados para proceder a elevar a escritura pública a adquisición referida.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á APROBACIÓN INICIAL DE ESTUDIO DE DETALLE – QUEIMONA, S.L.

FINALIDADE DO ESTUDIO DE DETALLE: A finalidade do presente estudio de detalle e a ordenación do fronte marítimo na rúa do Porto nº 39-53, Corrubedo, Riveira.

INFORMES SECTORIAS EMITIDOS: Informe favorable emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, rexistrado de entrada no Concello o día 20 de decembro de 2018, (Rexistro de entrada nº 18.076) / Informe favorable emitido pola directora xeral Sra. Ana Mariño Oñoro Valenciano do Ministerio para a Transición Ecolóxica (Costas do Estado) o día 3 de abril de 2019, rexistrado de entrada no Concello o día 4 de abril de 2019, (Rexistro de entrada nº 4.715).

DOCUMENTACIÓN PARA APROBACIÓN INICIAL DO ESTUDIO DE DETALLE: Documento Técnico de abril de 2019, redactado polo Sr. Jesús Alonso Fernández (arquitecto col. 2.831) / Plano de aliñación da parcela nº 39 de corrubedo.

PROMOTOR/A: QUEIMONA S.L. (CIF B-36905941).

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Visto a documentación obrante no expediente presentada o día 23 de maio de 2019, (rexistro de entrada nº 7.171), consistente en Documento Técnico de abril de 2019, redactado polo Sr. Jesús Alonso Fernández (arquitecto col. 2.831), así como o día 26 de xullo de 2019, (rexistro de entrada nº 10.689) que se presenta Documento Técnico en relación ao cumprimento de aliñación de abril de 2019, redactado asimesmo polo Sr. Jesús Alonso Fernández (arquitecto col. 2.831).

SEGUNDO.- Visto o informe favorable emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, rexistrado de entrada no Concello o día 20 de decembro de 2018, (Rexistro de entrada nº 18.076).





TERCEIRO.- Visto o informe favorable emitido pola directora xeral Sra. Ana Mariño Oñoro Valenciano do Ministerio para a Transición Ecolóxica (Costas do Estado) o día 3 de abril de 2019, rexistrado de entrada no Concello o día 4 de abril de 2019, (Rexistro de entrada nº 4.715).

CUARTO.- Visto o informe técnico favorable emitido o día 12 de agosto de 2019 polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente respecto á documentación obrante no expediente e a conseguinte aprobación inicial do estudio de detalle, e que se transcribe:

“
(...)

ASUNTO: INFORME TÉCNICO PARA DE CARA Á APROBACIÓN INICIAL DO ESTUDIO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE FRONTE MARÍTIMO NA RÚA DO PORTO 21-53, CORRUBEDO, RIVEIRA

SOLICITANTE: QUEIMONA S.L.
ENTRADA Nº: 16256 (14.11..2018), 07171 (23.05.2019)
e 10689 (26.07.2019)

OBXECTO DO ESTUDIO DE DETALLE:

1.- O obxecto do presente estudio de detalle entra dentro dos supostos establecidos no artigo 79 da lei 2/2016, do Solo de Galicia, toda vez que se trata de ordenar volúmenes edificables dentro da zona de afección de Costas. Establece o citado artigo 79 o seguinte ao respecto:

Artigo 79. Estudos de detalle

1. En desenvolvemento dos plans xerais, plans parciais e plans especiais, poderán redactarse estudos de detalle cos seguintes obxectivos:

a) Completar ou reaxustar as aliñacións e as rasantes.

b) Ordenar os volumes edificables.

c) Concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do planeamento.

ANTECEDENTES E TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA:

1.- No presente caso, e con carácter previo á aprobación inicial, resulta preceptivo obter os os informes da Demarcación de Costas do Estado/ A Coruña (por estar afectado pola servidume de tránsito), así como polo Servizo de Autorización de Informes Sectoriais, adscrito á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo/Santiago de Compostela.

2.- Con data de 03.01.2018 ten entrada neste Concello o Estudio Detalle que abarca o tramo 39-53 da rúa do Porto en Corrubedo, e que limita á súa vez co dominio público marítimo-terrestre, asinado polo arquitecto Jesús María Alonso Fernández.

3.- Unha vez emitido informe previo por parte deste técnico, da data de 25 de xaneiro de 2018, remítese copia do mesmo e acompañando dos exemplares do E. D. Aos seguintes organismos oficiais competentes na materia.

a.- Demarcación de Costas do Estado en Galicia.

b.- Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo/Servizo de autorización e informes sectoriais.

4.- Xa con data de 16.04.2018 o Servizo de Demarcación de Costas do Estado en Galicia emite informe ao respecto, e requirindo ao promotor que o E. Detalle debe de abarcar as dúas mazás que limitan co dominio público marítimo-terrestre, e deste xeito o novo E.D. que agora se presenta abarca as dúas mazás mencionadas e recollendo o tramo urbano da rúa do Porto 21-53.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

5.- Con data de 23 de maio de 2019 (n.r.e.: 07171/2019) ten entrada nova documentación técnica asinada polo arquitecto Jesús María Alonso Fernández, a cal recolle como ben advirte no escrito anexo á solicitude xeral de entrada, as consideración do informe de Costas do Estado de data de 01.04.2019, e do que mais adiante se dará conta. Esta nova documentación será a analizada para a conseguinte APROBACIÓN INICIAL.

INFORMES SECTORIAIS:

1.- Con data de 20.12..2018 a Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emite informe favorable ao estudio de detalle de referencia.

2.- Xa con data de 01.04.2019 a Directora Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar (Ministerio para a Transición Ecolóxica/ Costas do Estado), emite informe e onde se fan unha serie de consideracións, que deben de recollerse na nova documentación técnica a presentar no Concello, tal e como se advirte na nota adxunta á solicitude de data de 23 de maio de 2019, e asinada polo arquitecto autor do E. de Detalle.

3.- Xa unha vez aprobado inicialmente polo Concello e de acordo coa tramitación que dispón o artigo 80 da lei 2/2016, remitírase copia dilixenciada a Costas do Estado, aos efectos de validar a proposta concretada do presente E. D. E e a fin de comprobar o cumprimento das suxerencias e observacións emitidas no informe previo e vinculante de data de 01.04.2019.

TRAMITACIÓN:

1.- A tramitación dos estudos de detalle ven regulada no artigo 80 da lei 2/2016 da Lei do Solo de Galicia, a saber:

Artigo 80. Formulación e aprobación dos estudos de detalle

1. Os estudos de detalle poderán ser formulados polos concellos, pola Administración autonómica, por outros órganos competentes no ámbito urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo.

2. Os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo dun mes mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. De ser o caso, solicitaranse os informes sectoriais preceptivos.

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.

Os prazos para a súa aprobación definitiva serán os establecidos no artigo 76.

2.- No presente caso disponemos dos informes sectoriais preceptivos (Costas do Estado e Costas de Galicia).

3.- Tal e como establece o artigo 80, apartado 2 da Lei 2/2016, notificárselles durante período de exposición pública, aos titulares catastrais dos terreos afectados, e comprendidos entre os números 21 e 53 da rúa do Porto, ambos inclusive. Deste xeito exponemos o listado dos titulares catastrais do ámbito do estudio de Detalle na rúa do Porto de Corrubedo:

Rf. : 4338001MH9143N0001XZ.	Don Antón Carreño Costa. Rúa do Porto nº 21.
Rf. : 4338002NH9143N0001IA.	Don Gabriel Tomas Stern Chippelfield. Rúa do Porto nº 23.
Rf. : 4338003MH9143N0001JZ.	Dona Marcela Stern Evelina. Rúa do Porto nº 25
Rf. : 4338004NH9143N0001EA.	Dona Angeles Merino Gómez. Rúa do Porto nº 27
Rf. : 4338005MH9143N0001SA.	David Chippefield Architects. Rúa do Porto nº 29
Rf. : 4338006NH9143N0001JZ.	Non figuran datos. Rúa do Porto nº 31
Rf. : 4338007NH9143N0001UA.	Don José Manuel García González. Rúa do Porto nº 33
Rf. : 4338008NH9143N0001HA.	Dona Consuelo González Paz. Rúa do Porto nº 35





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Rf. : 4338009NH9143N0001WA.	Non figuran datos. Rúa do Porto nº 37
Rf. : 4338010MH9143N0001UZ.	Non figuran datos. Rúa do Porto nº 39
Rf. : 4237901MH9143N0001GZ.	Queimona, s.l. Rúa do Porto nº 41
Rf. : 4237902MH9143N0001QZ.	Don José García Martínez. Rúa do Porto nº 43
Rf. : 4237903MH9143N0001PZ.	Don Emilio Quintela Vázquez. Rúa do Porto nº 45
Rf. : 4237905MH9143N0001TZ.	Plaza y Reino, s.l. Rúa do Porto nº 47
Rf. : 4237906MH9143N0001FZ.	Don Emilio Quintela Vázquez. Rúa do Porto nº 49
Rf. : 4237907MH9143N0001MZ.	Don Emilio Quintela Vázquez. Rúa do Porto nº 51
Rf. : 4237101MH9143N0001YZ.	Dona Ramona Dorca Rodríguez. Rúa do Porto nº 53.

INFORME/CONCLUSIÓN:

Vista a instancia presentada e o Estudio de Detalle asinado polo arquitecto Jesús María Alonso Fernández, de data de abril de 2019, e xa obtidos os informes sectoriais preceptivos no presente caso (2), examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM), aprobado con data de 17.12.2002 e ao amparo da Lei 1/97 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

1.- Coa presente proposta, en en virtude do establecido pola D.T. 3ª d lei Estatal de Costas, preténdese homoxeneizar a fronte marítima, polo que se erixe unha edificación de uso residencial-vivenda sobre unha parcela sita no borde do quinteiro(s) obxecto de estudio e na que a día de hoxe se erixe unha edificación de carácter auxiliar.

2.- Xa desde o punto de vista estritamente urbanístico, cabe sinalar que o ámbito de actuación está clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación íntegra o réxime do solo urbano establecido na Lei 2/2016, do Solo de Galicia e o disposto ó respecto pola Disposición Transitoria primeira, apartado a) desta lei. En aplicación da citada D. T. Seralle de aplicación a ordenación proposta polo planeamento xeral vixente.

3.- Debemos de advertir que os dous “quinteiros” ou mazáns obxecto do presente Estudio de Detalle atópanse dentro da delimitación do PERI-2 (PERI de Corrubedo). Establece o presente PXOM, no seu artigo 149, que mentres non se desenvolva o preceptivo PERI, seralle de aplicación, e de xeito transitorio, a ordenanza nº 4 do mesmo.

4.- A ordenanza nº 4 do PXOM: “Residencial media, vivenda colectiva agrupada”, establece unha serie de parámetros urbanísticos de uso e edificatorios, e entre os mais significativos están os seguintes:

- Uso característico: vivenda colectiva e unifamiliar.
- Parcela mínima: 50 m2.
- Fronte mínima: 6 metros.
- Fondo máximo edificable: 14 metros.
- Altura de edificación: B + 2P + BC, e limitada polo ancho da rúa, con remisión ao artigo 93 do PXOM: “Altura da edificación”.

- O citado artigo 93 para o presente caso - via menor de 6 metros de ancho – establece o seguinte número de alturas: B+ 1P + BC.

- Altura de coroaición: 4 metros, medidos sobre a cara superior do último forxado.

5.- Con data de entrada de 26.07.2019 (n.r.e.: 10689) apórtase documentación complementaria (plano de cumprimento de aliñamentos), axustándose os mesmos as condicións impostas no artigo 89 do PXOM: “Viaro y alineaciones”, co obxecto de definir o remate de mazán, fixando un afastamento de 4 metros ao eixo do espazo entre as dúas mazáns obxecto do presente Estudio de Detalle.





6.- E xa no referente á afección do dominio público terrestre, significar que a parcela obxecto de intervención, e propiedade da entidade mercantil "Queimona s.l.", está afectada pola servidume de tránsito, así como pola banda de 20 metros da servidume de protección e lindando a mesma co mar; ou sexa coa liña de deslinde público marítimo terrestre, polo que resulta preceptivo e de acordo coa lexislación en materia de Costas do informe do organismo competente na materia:

.- Demarcación de Costas do Estado en Galicia. Organismo ao cal deberá de remitirle copia do documento aprobado inicialmente, e debidamente dilixenciado, aos efectos de validar a proposta do presente E. D., e antes de proceder á súa aprobación definitiva

CONCLUSIÓN:

Que analizada a proposta concretada na documentación técnica asinada polo arquitecto Jesús María Alonso Fernández, de data de abril de 2019, temos a ben de DAR A NOSA CONFORMIDADE, tanto no referente á integridade documental aportada, como no referente á ordenación proposta no presente estudio de detalle, axustándose o mesmo aos parámetros edificatorios definidos pola ordenanza de aplicación (ordenanza nº 4 do PXOM), así como ao aliñamento que se define dentro as dúas mazáns do tramo urbano da rúa do Porto de Corrubedo, en virtude do establecido ao respecto polo artigo 89 do PXOM.

En Riveira, a 12 de agosto de 2019.

Asdo.: Alberto Iglesias Fungueiriño
Arquitecto Municipal.

(...)
“

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable ven determinada por:

- Os artigos 79, 80 e 82 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Os artigos 192, 193, 194, e do 199 a 215 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- A Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Evaluación Ambiental.
- Ordenación do Territorio: O Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio de Galicia.
- Os artigos 21.1.j) e 22.2.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

PRIMEIRA.- O presente estudio de detalle ten por obxecto xustificar o cumprimento de todos e cada un dos requisitos establecidos na Disposición transitoria terceira 3.2ª da Lei de Costas, para a posíbel autorización de edificacións en servidume de protección.

Polo anteriormente exposto, vista a documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño con sinatura dixital de data 12 de agosto de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 29/10/2019, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**





PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o estudio de detalle que afecta á rúa do Porto nº 21-53, Corrubedo, Riveira, nos termos do Documento Técnico de abril de 2019, redactado polo Sr. Jesús Alonso Fernández (arquitecto col. 2.831).

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia (DOG), e anunciarase, ademais, nun xornal de maior difusión na provincia. Durante devandito período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo ou obter copias para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes, estando a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO.- Suspender o outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio afectados pola aprobación inicial do estudio de detalle.

CUARTO.- Notificar individualmente o trámite de información pública a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

QUINTO.- Solicitar ás administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos aos efectos regulados na Lexislación sectorial.

ACHEGAS CONCEDIDAS POLO CONCELLO (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN).

1.- ACHEGA CONCEDIDA A HERMANOS FERRÍN, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación Xuventude e Deportes, Juana maría Brión Santamaría, de data 29/10/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Castiñeiras-Riveira-Corrubedo-Oliveira-Artes-Oleiros”, relativo ao mes de agosto; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 30/10/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Castiñeiras-Riveira-Corrubedo-Oliveira-Artes-Oleiros”, relativo ao mes de agosto; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 844,40 €.





2.- ACHEGA CONCEDIDA A HERMANOS FERRÍN, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade Cidadá, Víctor Reiriz Lampón, de data 29/10/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Castiñeiras-Riveira-Corrubedo-Oliveira-Artes-Oleiros”, relativo ao mes de xullo; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 30/10/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Castiñeiras-Riveira-Corrubedo-Oliveira-Artes-Oleiros”, relativo ao mes de xullo; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 864,00 €.

3.- ACHEGA CONCEDIDA A A.SARAQUETE E HIJOS, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade Cidadá, Víctor Reiriz Lampón, de data 29/10/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Aguiño – Riveira - Pobra do Caramiñal”, relativo ao mes de agosto; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 30/10/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Aguiño – Riveira - Pobra do





Caramiñal”, relativo ao mes de agosto; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 3.394,65 €.

4.- ACHEGA CONCEDIDA A A.SARAQUETE E HIJOS, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade Cidadá, Víctor Reiriz Lampón, de data 29/10/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Aguiño – Riveira - Pobra do Caramiñal”, relativo ao mes de xullo; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 30/10/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Aguiño – Riveira - Pobra do Caramiñal”, relativo ao mes de xullo; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 3.487,40 €.

5.- ACHEGA CONCEDIDA A HERMANOS FERRÍN, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 29/10/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de agosto; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 30/10/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:





Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de agosto; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 270,00 €.

6.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 29/10/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de agosto; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 30/10/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de agosto; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 441,00 €.

7.- ACHEGA CONCEDIDA A HERMANOS FERRÍN, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 29/10/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de xullo; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 30/10/2019.





Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de xullo; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 247,95 €.

8.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 29/10/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de xullo; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 30/10/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de xullo; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 500,25 €.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

